

Na reunión do Consello Escolar celebrada o día 1 de decembro do 2020, inclúese no NOFC o punto 10 pertencente á organización e funcionamento en caso de COVID-19 e clases virtuais de conformidade co previsto na *Resolución da Secretaría Xeral de Educación e FP pola que se ditan instrucións para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na CA de Galicia para o curso 2020/21 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da COVID-19 e na Resolución conxunta da Secretaría Xeral Técnica e da Secretaria Xeral de Educación e FP pola que se aproba o Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da CA de Galicia para o curso 2020-2021*

10. NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO COVID-19 E CLASES VIRTUAIS

Para desenvolver as normas de organización e funcionamento nas clases presenciais e virtuais teremos que ter en conta os plans desenvolvidos para este curso:

Neles atopamos a normativa a seguir durante a pandemia

1. Plan de adaptación á situación COVID19 no curso 20-21
2. Plan de continxencia (actualizado o 10-11-20 cos horarios espello)
3. Plan de acollida e reunión xeral
4. Enquisa de autoavaliación
5. Declaración responsable
6. Protocolo Biblioteca

Do mesmo xeito estableceremos un conxunto de normas para ter o marco indispensable no que desenvolver as clases virtuais para que se consiga avanzar no proceso de ensinanza- aprendizaxe do alumnado en caso de confinamento, mantendo en todo momento un comportamento correcto e unha actitude de respecto entre todos e todas.

É por iso que o comportamento do alumnado debe ser sempre positivo e debe comprometerse a:

- Ser amable cos demais
- Deixar participar ao resto de alumnado respectando as quendas de palabra e escoitando aos demais
- Participar nas actividades que propoña o mestre durante a clase
- Seguir as instrucións do mestre
- Asegurarse de que son as únicas persoas visibles pola cámara, é dicir, non poderá saír en pantalla ningunha outra persoa que non sexa o alumno/a.



En ningún caso, aceptaranse comportamentos negativos do tipo:

- Usar ou ameazar co uso da violencia a ningún membro da clase
- Bullying ou acoso
- Desobedecer deliberadamente as indicacións do mestre
- Discriminar a outros compañeiros/as
- Usar unha linguaxe soez ou de mal gusto, palabras malsoantes ou insultos

Normas básicas:

1. Non gravar:

Está prohibido filmar ou facer capturas de pantalla durante a clase virtual

2. Só poden aparecer os alumnos/as en cámara:

Ningunha persoa, excepto o propio alumno/a, deberá estar visible fronte á cámara xa que a súa imaxe podería ser compartida con outros participantes da clase

3. Prohibido persoas alleas á clase:

Ningunha persoa allea á reunión pode ser invitada nin intervir na clase, sen permiso do mestre

4. Non se poden compartir datos persoais:

Compartir calquera dato persoal, incluídos números de teléfono, direccións de correo electrónico ou calquera outra forma de datos persoais ou de contacto está estritamente prohibido.

5. Facer un uso apropiado das clases:

Non se poden utilizar os recursos virtuais que o centro pon a disposición do alumnado para ningún outro fin que non sexa o estritamente académico

6. Rutinas e aseo:

O alumnado estará aseado e vestido para a clase virtual. Debe contar con todo o material necesario para levar a cabo a clase, así como ser puntual e seguir o horario espello publicado no plan de continxencia. Deberá estar nun sitio idóneo para recibir a clase (non na cama, nin no sofá) e non se poderá comer durante as clases.

A actitude negativa dun alumno ou alumna poderá conducir á suspensión ou exclusión deste tipo de clases, e se considerará como un incumprimento das normas de convivencia, polo que se poderá aplicar a correspondente medida correctora dependendo da tipificación da falta.

Para que un alumno/a participe deste tipo de clases virtuais, tanto a familia como o alumnado aceptan estas normas e se comprometen a cumprilas.

Do mesmo xeito, o profesorado colaborará de forma activa para o cumprimento das normas. COVID tanto virtual como presencial.



Presencial:

PARA TODOS E TODAS:

É obrigatorio o uso de máscara en todo o centro e para todo o persoal, profesorado, alumnado e outras persoas que accedan ao centro.

Sempre que sexa posible, hai que manter a distancia de seguridade de 1,5 metros

Nos desprazamentos deberase circular sempre pola dereita.

PARA ALUMNADO:

Evitará desprazamentos innecesarios. Por tanto non poderá saír da aula sen causa xustificada.

Cada alumno/a deberá traer a súa máscara, así como un estoxo con outra de reposto.

O alumnado só poderá usar o baño que lle foi asignado e entrar e saír pola porta que lle corresponde

PARA OS MESTRES:

Colaborará de forma activa para que se cumpran as normas, facendo fincapé na responsabilidade individual de cada un. En cada clase haberá un kit de desinfección con desinfectante e papel. Cada aula é responsable do seu kit. Ao rematar cada clase procederá á desinfección de cada posto. As clases deberán estar ventiladas e manter as fiestras abertas, sempre que sexa posible.

PARA AS FAMILIAS:

Cada familia deberán medir a temperatura corporal aos seus fillos/as antes do inicio da xornada escolar.

Queda prohibido o acceso ao centro a calquera persoa diagnosticada de COVID19, que se atope á espera de resultado de PCR ou que se atope en período de corentena domiciliaria por ter contacto con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19

E para que así conste, asino a presente modificación do NOFC que adxunto ao documento orixinal a 10 de decembro do 2020

Vto e prace:

A directora:

Lorena M^a Pita Fraga





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

CEIP Plurilingüe Os Casais 15025633
www.edu.xunta.gal/centros/ceiposcasais

CIF: Q6555709B
Lugar da Armada s/n
15520 Maniños-Fene
881930124 Fax: 881930127
ceip.oscasais@edu.xunta.es



galicia

